



XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR, S.A.

CONVOCATORIA XUNTA XERAL EXTRAORDINARIA

O Consello de Administración de Xestión do solo de Galicia- Xestur, S.A., na súa reunión do 11 de maio de 2016, acordou convocala Xunta Xeral Extraordinaria de accionistas, que se celebrará no domicilio social da sociedade (Área Central, local 25Z-1º andar, Polígono Fontiñas, 15707 Santiago de Compostela), o 14 de xuño de 2016, ás 11.00 horas en primeira convocatoria ou, de non alcanzarse o quorum necesario, o día seguinte, 15 de xuño de 2016, no mesmo lugar e hora, en segunda convocatoria.

A Xunta Xeral de Accionistas convócase ó obxecto de deliberar e resolver acerca dos asuntos comprendidos na seguinte:

ORDE DO DIA

1º. Acordo, se procedera, da ampliación do Capital Social, a subscribir polo I.G.V.S. trala renuncia ao dereito de subscripción preferente por parte dos demais accionistas, co fin de atender aos pagos dos incrementos dos xustiprezos de expropiacións nas que é beneficiaria a sociedade, e sometemento do acordo ao Consello da Xunta de Galicia, para a autorización do mesmo, se procedera.

2º. Modificación, no seu caso, dos artigos 6 e 7 dos Estatutos Sociais.

3º. Rogos e preguntas.

4º. Formalización e execución de acordos.

5º. Aprobación da Acta da Xunta.

De conformidade co artigo 197 do Real Decreto Legislativo 1/2010, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital (LSC), os accionistas poderán solicitar dos Administradores, acerca dos asuntos comprendidos na orde do día, as informacións ou aclaracións que estimen precisas, ou formular por escrito as preguntas que estimen pertinentes, ata o sétimo día anterior ao previsto para a celebración da Xunta. Así mesmo, conforme aos artigos 272 e 287 da LSC, calquera socio poderá obter da sociedade, de xeito gratuito, os documentos que deben ser sometidos á aprobación da mesma."

En Santiago de Compostela a 12 de maio de 2016.

O Secretario do Consello de Administración.

Ángel Rodríguez González